



## O alén da vida na poesía última de Rosalía de Castro

---

Xesús Portas Ferro<sup>1</sup>

*No, no puede acabar lo que es eterno  
ni puede tener fin la inmensidad.*  
(OS 4)

### 1.- A morte como descanso; o suicidio

Na poesía rosaliana a morte é vista as máis das veces como descanso. Atravesa a poesía última de Rosalía –*Follas novas* (FN) e *En las orillas del Sar* (OS)– a figura dos tristes, dos que o referente son as persoas atormentadas pola dor e perseguidas pola desgraza. Aparece xa en FN e consolídase en OS co poema «Los tristes».

A dor que estas persoas sofren é tan crúa, que a morte lles ofrece adoito a única curación:

Cando a iaugua das penas  
se reverte na copa sin medida,  
sóio é remedio a morte  
para curar da vida. (FN, 329)<sup>2</sup>

---

1 Xesús Portas Ferro é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*.

2 En FN os números remiten ás páxinas de: CASTRO, ROSALÍA DE (2016), *Follas novas*, Xerais, edición de Anxo Angueira. En OS remiten á numeración dos poemas do libro, e os textos están tomados de: CASTRO, ROSALÍA DE (1978), *En las orillas del Sar*, Castalia, edición de Marina Mayoral.